

OS ECOLOXISTAS DAS PONTES PRESENTAN ALEGACIÓNS FUTURA CENTRAL TÉRMICA DE GAS NATURAL NAS PONTES

Guerrilleiros das fragas

O grupo ecoloxista "guerrilleiros das fragas" presentou alegacións ao proxecto de central de ciclo combinado das pontes. A xuízo dos ecoloxistas das pontes, o proxecto, se non se modifica, sería unha ameaza para o contorno natural e a saúde dos ponteses e pontesas. Endesa pretende que esta nova central de 800 MW se sume á existente de carbón, que se reconvertería para queimar só carbón de importación.

O noso concello ten a posibilidade de vulgar se o proxecto da central é axeitado para os ponteses e o noso entorno. O Decreto 2414/1961 establece a competencia do alcalde na concesión de licenzas a actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, como é o caso desta central. O mesmo decreto establece para estas actividades a condición de se estableceren a un mínimo de 2.000 m de calquera núcleo urbano. A nova central ubicaríase a escasos 300 m do núcleo urbano das Pontes.

Unha das circunstancias do proxecto que condiciona en grande medida os efectos contaminantes da central é que está autorizada a operar con gasóleo sen fixar ningún límite. O proxecto afirma que, operando a central con gas natural todo o ano, menos 45 días/ano con gasóleo, cumprese o Real Decreto 1073/2002, con emisións de NO_2 de $176,41 \mu\text{g}/\text{m}^3$, sendo o límite $200 \mu\text{g}/\text{m}^3$. Temos que supoñer pois que, superando os 45 días/ano de operación con gasóleo, non se cumpriría este decreto. Cremos estritamente necesario que se concreten e se limiten as horas de operación da central con gasóleo.

O gasóleo a utilizar terá un 0,005% de xofre, co que a contaminación por xofre

será moi reducida. É necesario que se especifique quen suministrará este combustible tan pobre en xofre e con que garantías, porque senón as emisións contaminantes serían moito maiores.

Canto ás emisións gasosas, o proxecto non permite valorar as emisións nin a procedencia ou non de incorporar tecnoloxías de control e eliminación da mesmas. A presentación dos valores en termos relativos (concentracións, taxas de emisión) ou comparativos (gas vs. carbón) deixan de lado que taxas de emisión baixas poden supor valores de emisión absolutos elevados.

O uso de gas natural como combustible supón unha redución das taxas de emisión de dióxido de carbono (CO_2) por unidade de produción fronte a outros combustibles fósiles (carbón, petróleo). Mais hai que ter en conta a taxa de fugas do gas natural durante o proceso de extracción e o transporte até a central, pois unha molécula de metano (CH_4 , compoñente case exclusivo do gas natural) ten o mesmo impacto sobre o efecto invernal do que 24 moléculas de CO_2 . A taxa de fugas foi estimada nun 1% do gas transportado, o cal merma as vantaxes do gas

natural. En calquera caso, sen contar coa aportación do CH_4 , as emisións de CO_2 anuais desta central chegarán a 3 millóns de toneladas. As actuais da central de carbón superan os 10 millóns.

A escala local e rexional, os óxidos de nitróxeno (NO_x) serán os contaminantes atmosféricos máis preocupantes. Os NO_x e o dióxido de xofre (SO_2) son os principais causantes das choivas ácidas. Asímismo, os NO_x teñen gran poder contaminante debido á súa forte absorción de radiación ultravioleta. O resultado da conxunción de NO_x , hidrocarburos e luz solar constitúe o chamado "smog" fotoquímico, causante de problemas respiratorios e danos nos ollos, alén de corrosión nos materiais.

Hai estudos de impacto sanitario que determinan que a contaminación destas centrais provoca efectos negativos que se manifestan a curto, medio e longo prazo. Tendo isto en conta e sabendo tamén do carácter acumulativo dos efectos da choiva ácida, do clima do emprazamento, da emisión continua de vapor de auga dende as torres de refrixeración, etc, etc, era de esperar, e non nos parece moito pedir, que este aspecto fose obxecto de particular atención e estudo para poder asegurar a conservación do medio e a saúde dos ponteses.

Entre as instalacións da central inclúense tanques de almacenamento de produtos químicos tóxicos e perigosos como hipoclorito sódico, fosfato sódico, etc. Cómpre precisar as capacidades e condicións de almacenamento destes produtos e, especialmente, das balsas onde se almacenarán as augas de lavado químico das caldeiras e turbinas de gas.

Non se considerou a proximidade da central de ciclo combinado á térmica de carbón de 1.400 Mw, tamén de ENDESA. A proximidade de dúas instalacións destas características significará un aumento do risco socio ambiental en caso dun accidente nalgunha das dúas centrais.

Pepe Salvadores

